

**ACTA NÚMERO: 23/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2022.**

Na sala de Xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 16 de xuño de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo Provincial do PP
- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior do día 10 de xuño de 2022 (Reunión 22/2022).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Micropower Europe, S.L., para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado do servizo de mantemento preventivo e correctivo de equipos: Microturbina Biogás C30 e da Unidade de Tratamento de Biogás MGTP-40 da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022026769).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Tecnor Lalin Maquinaria, S.L., para optar á adjudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do mantemento do robot de muxido e os seus accesorios, da gandeiría da Finca Mouriscade.*
4. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP 1205 acceso á praia de Agnete. (Expte.- 2022002372).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño". (Expte.- 2021065111).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)". (Expte.- 2022015363).*
7. *Aprobación das valoracións técnicas do sobre "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)". (Expte.- 2022007989).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)". (Expte.- 2022007989).*
9. *Aprobación das valoracións técnicas do sobre "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de limpeza e desbroce do monte do Facho (Cangas). (Expte.- 2021055143).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de limpeza e desbroce do monte do Facho (Cangas). (Expte.- 2021055143).*



11. *Aprobación das valoracións dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2022009455).*
12. *Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente a documentación avaliable con criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2022009455).*
13. *Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2022030223).*
14. *Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2022030223).*
15. *Aprobación das valoracións dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de realización, execución e explotación do Plan de Aforos e estudo de accidentalidade.(Expte. 2021064703).*
16. *Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente a documentación avaliable con criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de realización, execución e explotación do Plan de Aforos e estudo de accidentalidade.(Expte. 2021064703)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG e D Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. *Aprobación da acta da reunión anterior do día 10 de xuño de 2022 (Reunión 22/2022).***

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 10 de xuño de 2022 (Reunión 22/2022).

**2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Micropower Europe, S.L., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado do servizo de mantemento preventivo e correctivo de equipos: Microturbina Biogás C30 e da Unidade de Tratamento de Biogás MGTP-40 da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022026769).***

Por Resolución Presidencial número 2022004196 de data 01/06/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de mantemento preventivo e correctivo de equipos: Microturbina Biogás C30 e da Unidade de Tratamento de Biogás MGTP-40 da Finca Mouriscade da Deputación de Pontevedra.



Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Micropower Europe, S.L. (CIF B64518681) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 01/06/2022.

A empresa Micropower Europe, S.L.(CIF B64518681) presentou a proposición con data 10/06/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	5.175,85 €
IVE (21 %)	1.086,93 €
Importe ofertado con IVE	6.262,78 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Micropower Europe, S.L. (CIF B-64518681) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo de equipos: Microturbina Biogás C30 e da Unidade de Tratamento de Biogás MGTP-40 da Finca Mouriscade da Deputación de Pontevedra.

**3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Tecnor Lalín Maquinaria, S.L., para optar á adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do mantemento do robot de muxido e os seus accesorios, da gandeiría da Finca Mouriscade.***

Por Resolución Presidencial número 2022004257 de data 02/06/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de mantemento do robot de muxido e os seus accesorios, da gandeiría da Finca Mouriscade, da Deputación de Pontevedra.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Tecnor Lalín Maquinaria, S.L. (CIF B36477743) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 02/06/2022.

A empresa Tecnor Lalín Maquinaria, S.L. (CIF B36477743) presentou a proposición con data 13/06/2022 e unha vez examinada a documentación, a sociedade resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:



Importe ofertado sen IVE	14.800,00 €
IVE (21 %)	3.108,00 €
Importe ofertado con IVE	17.908,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Tecnor Lalín Maquinaria, S.L. (CIF B36477743) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de mantemento do robot de muxido e os seus accesorios, da gandeiría da Finca Mouriscade, da Deputación de Pontevedra.

**4. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP 1205 acceso á praia de Aguete. (Expte.- 2022002372).**

Por Resolución Presidencial número 2022002940 de data 21 de abril de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP 1205 acceso á praia de Aguete". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de abril de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 12/05/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP 1205 acceso á praia de Aguete".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.



A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaláran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 20/05/2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	12,00	1,00	13,00
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	12,00	2,00	14,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	20,00	2,00	22,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	2,00	22,00
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.	16,00	2,00	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM, S.L.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	22,00	3,00	25,00

A Mesa de Contratación na reunión de data 26/05/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 20/05/2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Na sesión do día 26 de maio de 2022 a Mesa de Contratación tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	188.800,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	188.870,50 €	3%	36 MESES	CADUDADO	CADUCADO
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	178.129,69 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	180.266,41 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	187.515,98 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	176.500,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	173.131,30 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	177.461,97 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	180.151,94 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	182.670,21 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxera para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe de ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na reunión de data 2/06/2022, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:



LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	3,63	5,00	5,00	5,00	18,63
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	3,50	5,00	5,00	0,00	13,50
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,27	5,00	5,00	5,00	37,27
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	18,84	5,00	5,00	5,00	33,84
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	5,99	5,00	5,00	5,00	20,99
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	24,89	5,00	5,00	5,00	39,89
NAROM, S.L.	23,34	5,00	5,00	5,00	38,34
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	19,02	5,00	5,00	5,00	34,02

A Mesa de Contratación acorda,

1. Propor ó órgano de contratación, excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Senda peonil no acceso á praia de Aguete. Mellora da mobilidade peonil na EP 1205 Acceso á praia de Aguete" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	24,00	37,27	61,27
2	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	18,00	39,89	57,89
3	NAROM, S.L.	18,00	38,34	56,34
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	22,00	33,84	55,84
5	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	25,00	29,89	54,89
6	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	19,00	34,02	53,02
7	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	20,99	42,99



8	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	13,00	18,63	31,63
9	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	14,00	13,50	27,50

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Senda peonil no acceso á praia de Aguete. Mellora da mobilidade peonil na EP 1205 Acceso á praia de Aguete” á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado ..... 178.129,69 €  
 IVE (21%) ..... 37.407,23 €  
 Importe Total ..... 215.536,92 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a CONSTRUCCIONES E.C. CASAS figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citado rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia económica recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
  - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3anos en contratos de características similares





- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.
- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 8.906,48 €

**5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) en Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño". (Expte.-2021065111).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 20 de maio de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra *"Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) en Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño"*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de maio de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desciframento e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
  - ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.
  - MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
  - MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L.
  - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
  - NAROM S.L.
  - CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.
  - HORDESCON, S.L.
  - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.
  
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.
  
- 6. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)". (Expte.- 2022015363).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 20 de maio de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra " *Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de maio de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.



A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
  - CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS S.L.
  - MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
  - CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
  - NAROM SL
  - CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.
  - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
  - HORDESCON, S.L.
  
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.
  
- 7. *Aprobación das valoracións técnicas do sobre "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)". (Expte.- 2022007989).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 6 de maio de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)*".



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10 de maio de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
- CONSTRUCCIONES FECHI SL
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUTURAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA
- NAROM SL
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 9 de xuño de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	TOTAL SOBRE A
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	22,00	3,00	25,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	20,00	3,00	23,00
NAROM S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L.	18,00	2,00	20,00
ELSAMEX, GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	14,00	2,00	16,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.	14,00	2,00	16,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 9 de xuño de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra



*“Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)”.*

**8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)". (Expte.- 2022007989).**

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)"*.

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	25,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	23,00
NAROM S.L.	22,00
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	21,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U	21,00
CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L.	20,00
ELSAMEX, GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	16,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.	16,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliáveis mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:





LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	356.141,64 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	379.000,14 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	362.907,44 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	366.538,81 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	351.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	352.242,69 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	350.369,67 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	360.346,37 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas que optan á adxudicación deste procedemento aberto simplificado, obtendo as empresas admitidas o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	22,90	5,00	5,00	5,00	37,90
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	2,88	5,00	5,00	5,00	17,88
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	17,14	5,00	5,00	5,00	32,14
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	13,93	5,00	5,00	5,00	28,93
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	27,12	5,00	5,00	5,00	42,12
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	26,10	5,00	5,00	5,00	41,10
NAROM, S.L.	27,64	5,00	5,00	5,00	42,64
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	19,41	5,00	5,00	5,00	34,41



A Mesa de Contratación acorda,

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)*” que queda da seguinte forma:

